

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2018/09

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 27 de novembro de 2018.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día **27 de novembro de 2018** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández

Dona María Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso

D.David Rivas Peña

Dona María da Paz Ermida Igrexas

D.Jorge Díaz Freije

Dona Vanesa Yanes Rivas

Polo Grupo do Partido Popular

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López

D.José Juan Estevez Fernández

D. José María García Suárez

Porlo Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

Dona Aurora González Ginzo

Dona Cristina Losas Soria (incorpórase)

Polo Grupo de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A. Carro Asorey

Interventor:

D.Luis R.Vázquez Parga

Técnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

O Sr.Alcalde disculpa a ausencia inicial da Concelleira D^a Cristina Losas Soria que se incorporará ao longo da sesión.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES ORDINARIA DE DATA 18/09/2018 E EXTRAORDINARIA DE 23/10/2018.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia dos borradores das actas correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Pola Alcaldía a instancia da Secretaría sinálase que na acta de 23/10/2018 no acordo relativo ao recoñecemento extraxudicial de créditos 02/2018 se produciu un erro ao incluír unha factura de VIESGO ENERGIA SL por 288,31 euros que non debía figurar e que xa fora excluída na Comisión Informativa.

A Corporación acorda recoller a modificación proposta, na referida acta de 23 de outubro de 2018, e por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria prestarlles a súa aprobación ás dúas actas de referencia sen ningunha outra modificación, adición ou enmenda algunha.

2.- EXPEDIENTE Nº 3356/2018 RELATIVO Á PETICIÓN DA EMPRESA SERVICIO DE INCREMENTO DO IPC NO PREZO PÚBLICO DA PISCINA MUNICIPAL DE RIBADEO.

Durante a deliberación deste asunto incorporouse a concelleira do PSG-PSOE dona Cristina Losas Soria.

Por Secretaría dáse conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“DITAME.-Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

VISTA a solicitude de revisión de prezos do contrato administrativo de xestión do servizo de CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA DE RIBADEO presentada polo concesionario do mesmo Víctor Manuel Reyero Rodríguez con DNI 0749944986E actuando en nome e en representación de SERVICIO CULTURA, DEPORTE Y RECREACIÓN, SL, con NIF B15416845 e con entrada no Concello o día 26/10/2017 (NRE 2018-E-RE-628), na que se fai referencia á actualización das tarifas en función da variación do IPC.

VISTO á súa vez o disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato de outubro /2005 que sinala que “a revisión de prezos terá lugar nos termos establecidos nos artigos 103 a 108 LCAP, e a fórmula será o IPC interanual ou índice oficial

que o substitúa".

CONSIDERANDO que, de acordo cos datos obtidos do INE, a variación do IPC entre setembro de 2017 a setembro de 2018 foi dun **2.3%**

CONSIDERANDO que a retribución do contratista realízase a través de taxas aboadas polos usuarios e tendo en conta ademais os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os apartados a) e b) do artigo 4.1 e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que atribúen aos Municipios a potestade regulamentaria, tributaria e financeira.

- Os artigos 15 a 19 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, nos que se regula o procedemento para a imposición, ordenación e modificación dos tributos locais a través das correspondentes ordenanzas fiscais.

- O artigo 22.2,e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que asigna ao Pleno competencia para a determinación dos recursos propios de carácter tributario.

- Os artigos 20 a 27 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais onde se regula o réxime xurídico das taxas locais.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Pleno a seguinte proposta:

PRIMEIRO. Aprobar con carácter provisional a modificación da ORDENANZA FISCAL NÚMERO T26 reguladora da Piscina, quedando os artigos modificados redactados do seguinte xeito conforme á actualización das tarifas en relación á variación do IPC exposta:

1. MATRÍCULA

Cota de inscrición ou alta ABOADO:	40,31€
Cota de inscrición ou alta CURSILLISTA (temporada):	13,43€

2. COTAS ABOADOS

a) Complexo deportivo (carácter anual)	Cota mensual
- individual adulto (+16 anos)	32,26€
- individual infantil (-16 anos)	13,43€
- individual pensionista, xubilado, discapacitado	13,43€
- familiar	40,31€

3. ENTRADAS INSTALACIÓN (piscina + ximnasio + spa)



- entrada adulto:	5,38€
- entrada infantil:	3,38€
- entrada pensionista, xubilado, discapacitado:	3,38€

4. BONOS 15 USOS INSTALACIÓN (só de 1 de xuño a 30 de setembro)

- 15 usos adulto:	40,31€
- 15 usos infantil:	24,18€
- 15 usos pensionista, xubilado, discapacitado:	24,18€

5. ALUGUER INSTALACIÓNS

- rúa do vaso deportivo (1 hora):	26,89€
- piscina para competicións (1/2 día):	403,27€

6. ACTIVIDADES ACUÁTICAS

Cota mensual	ABOADOS	NON ABOADOS
<i>a) Infantil, pensionista, xubilado e discapacitado</i>		
- 1 día/semana	6,71€	13,43€
- 2 días/semana	13,43€	26,89€
- 3 días/semana	20,17€	40,31€
<i>b) Adultos</i>		
- 1 día/semana	9,37€	18,81€
- 2 días/semana	18,81€	37,64€
- 3 días/semana	28,22€	56,46€
<i>c) Natación escolar</i>		
- 1 día/semana	10,74€	
- 2 días/semana	21,51€	
<i>d) Cursos intensivos de verán</i>		
- Quince días	20,17€	40,31€

7. ACTIVIDADES DE XIMNASIO

a) Entreamentos personalizados fitness (test condición física + rutinas personalizadas): 13,43€

8. CURSOS BEBÉS	ABOADOS	NON ABOADOS
- cursos bebés 1 día	10,87€	21,76€
- cursos bebés 2 días	21,76€	43,53€

SEGUNDO. Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos da Ordenanza Fiscal, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as

reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza, publicaranse no boletín oficial da provincia, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.”

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente a proposta para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame mencionado nos seus propios termos.

3.-EXPEDIENTE Nº.3345/2018 RELATIVO A CONSTITUCIÓN DA ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS POLA LINGUA GALEGA.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Pola Alcaldía dase conta do expediente relativo á constitución da Asociación de municipios pola lingua galega cuxos estatutos se insertan a continuación:

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles ás administracións locais competencias sobre lingua galega. Correspóndelles concretamente garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 25 que o *Goberno galego e as corporacións locais, dentro do seu ámbito, fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.*

O Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:

É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados. Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas. Hai que poñer os medios para que todo o persoal traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o/a cidadán/cidadá que o desexe e que teña tamén práctica habitual na oferta positiva.

A aplicación da política lingüística que sinalan estes mandados tivo a súa concreción ao longo dos anos nas entidades locais con accións de promoción do uso da lingua de diverso contido e incidencia. Constatouse asemade en diferentes momentos a necesidade de contar con ferramentas que permitisen coordinalas ou mesmo desenvolverlas de maneira conxunta para lograr dun xeito máis eficaz e eficiente os obxectivos perseguidos.

Froito precisamente desta necesidade puxéronse en marcha algúns proxectos colaborativos que se manteñen grazas á coordinación voluntariosa entre entidades locais. É o caso, por exemplo, do programa Apego, o Club de Debate, Youtubeir@s, Enreguéifate etc.

A promoción do uso da lingua é unha competencia propia como aclara o informe emitido pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, do 7 de maio de 2018, a respecto da prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local.

De por parte, a dimensión que alcanzan os proxectos colaborativos e a necesidade de contar cunha base máis sólida que supere a simple coordinación puntual, recomenda crear unha asociación que, de maneira estable, aglutine a vontade normalizadora das entidades locais e facilite a xestión dos programas conxuntos.

A este respecto, a disposición adicional 5ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recolle:

As entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non previsto nela, a lexislación do Estado en materia de asociacións.

Nos artigos posteriores establece que estas asociacións se rexerán por uns estatutos que garantan a participación dos membros na actividade da entidade, que poderán formalizar convenios coas administracións públicas para os seus fins e que se rexerán pola normativa de contratación do sector público.

Así mesmo, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece o dereito de todas as persoas -físicas e xurídicas- a asociárense para a consecución dos seus fins e establece as normas básicas que deben regular o funcionamento destas entidades.

Con base en todo o anterior, as entidades locais adheridas manifestamos a nosa vontade de constituír a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, que se rexe polos seguintes estatutos.

CAPÍTULO I. DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1

O obxecto destes estatutos é regular a constitución e o funcionamento da Asociación de Entidades Locais pola Lingua galega, como asociación sen ánimo de lucro ao abeiro do que establece a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e da disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 2

Son fins principais da asociación:

- 1 Promover e dinamizar o uso da lingua galega desde o ámbito dos concellos e do resto de entidades locais asociadas de xeito cooperativo.
- 2 Impulsar e dar apoio aos proxectos e iniciativas que das entidades locais asociadas se xeren arredor da dinamización da lingua galega en todos os ámbitos mencionados.
- 3 Crear e manter espazos de intercambio de experiencias e de formación sobre o proceso de normalización lingüística.
- 4 Procurar a coordinación da acción dos servizos de normalización lingüística das entidades locais asociadas.
- 5 Prestarlles servizos de asesoramento ás entidades asociadas na promoción e impulso dun

maior emprego da lingua galega.

6 Elaborar e presentarles propostas ás institucións autonómicas, estatais ou europeas sobre dinamización lingüística.

7 Fomentar o contacto e a relación con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa das linguas propias do seu territorio en situación de minorización ou minoría.

8 Incluír os proxectos que desta asociación deriven no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados á conservación e promoción das linguas minorizadas e minoritarias e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.

Artigo 3

A asociación, en función dos seus fins, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia.

A súa sede será rotatoria [\[1\]](#) [\[2\]](#) entre as entidades locais membros e corresponderá á entidade que a presida.

Artigo 4

A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, consonte estes estatutos, pola vontade das entidades locais asociadas expresada nunha asemblea xeral extraordinaria ou polas causas que establece a lexislación vixente.

Artigo 5

A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

1 Terá un carácter non lucrativo.

2 Para cumprir os seus fins, a asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.

3 Todos os seus ingresos aplicaranse para os fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso repartilos entre as entidades locais asociadas nin cedelos a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

4 O seu patrimonio será independente do das súas entidades asociadas.

5 Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso o seu repartimento entre entidades asociadas nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

6 Anualmente, a Xunta Directiva presentaralle á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado xunto cos xustificantes de gasto, que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de entidades locais socias.

7 Para contratar servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de contratos do sector público.

Artigo 6

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá:

1 Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes para os seus fins.

2 Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados coa promoción e dinamización da lingua galega entre os membros.

3 Dirixirse aos poderes públicos e intervir, se é o caso, na formulación de propostas normativas ou de desenvolvemento de accións en prol da lingua.

4 Organizar e participar en reunións, seminarios, congresos, cursos e xornadas.

5 Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.

6 Planificar e executar programas en relación coa súa finalidade e obxectivos.

7 Realizar calquera outra actividade que poida resultar conveniente para os fins da entidade, con suxeición á lexislación vixente.

CAPÍTULO II. DAS ENTIDADES ASOCIADAS

Artigo 7

Poderán formar parte da asociación todas as entidades locais que desenvolvan políticas en prol da normalización lingüística e, polo tanto, contén no seu organigrama cunha unidade especificamente dedicada a executalas que leve a cabo accións concretas con este fin [\[3\]](#).

Artigo 8

As entidades locais interesadas deberán expresar a súa vontade de adhesión mediante un acordo do órgano competente da corporación, que se expresará tamén a aceptación destes estatutos.

As entidades locais que desexen incorporarse despois da constitución da asociación deberán solicitalo por escrito facendo constar a vontade de adhesión e a aceptación dos estatutos. O acordo para incorporalas correspóndelle á Asemblea Xeral.

Artigo 9

As entidades locais membros da asociación terán os dereitos que seguen:

- 1 Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se realicen.
- 2 Ser candidatas aos cargos dos órganos de goberno.
- 3 Participar nas áreas de traballo da asociación.
- 4 Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- 5 Ter coñecemento da execución do orzamento.
- 6 Solicitalle á Presidencia que reúna a Asemblea Xeral.

Artigo 10

As entidades locais membros da asociación terán as seguintes obrigas:

- 1 Cumprir os estatutos e os acordos válidos da asociación e dos seus órganos de goberno.
- 2 Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, se é o caso, poidan establecerse.
- 3 Colaborar coa asociación para conseguir os fins propostos, prestando, se fose necesario, o apoio do persoal propio para a xestión da entidade.

Artigo 11

A condición de entidade local socia alterarase por algún dos seguintes motivos:

- 1 Por vontade da propia entidade manifestada nun acordo do órgano de goberno que corresponda normativamente.
- 2 Por incumprimento destes estatutos, nomeadamente do que establecen sobre os fins da asociación.
- 3 Por falta de pagamento de tres ou máis cotas anuais.

A proposta de separación dunha entidade local, por vontade propia ou por incumprimento das súas obrigas, deberalle ser formulada pola Xunta Directiva á Asemblea Xeral e será válida desde o momento en que esta a acorde por maioría simple dos membros presentes.

O membro que, por calquera causa, deixe de pertencer á asociación estará suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigas contraídas con anterioridade.

En caso de baixa voluntaria, as obrigas coa asociación deixarán de ter efecto desde o momento en que a Xunta Directiva tome conta da solicitude da entidade local.

Artigo 12

A pertenza á asociación implica a obriga do pagamento da cota de participación no primeiro trimestre de cada anualidade.

A situación de débeda dunha cota anual implicará a perda do dereito de voto nos órganos da asociación e, polo tanto, a imposibilidade de optar a formar parte da Xunta Directiva.

Co fin de garantir o cumprimento desta obriga, ao inicio de cada asemblea, a Tesouraría dará conta da situación das entidades membros.

Perderase a condición de entidade socia pola falta de pagamento de tres cotas ou máis cando, unha vez requirido, pasen máis de tres meses sen que se efectúe.

Artigo 13

As entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción dun maior uso da lingua galega poderán sumarse á asociación como membros amigos.

A condición de membro amigo supón que a entidade pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto. Non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga de pagar as cotas.

Para obter a condición de membro amigo, a entidade ou organismo interesado deberá solicitarlle á Presidencia a admisión argumentando a súa vinculación coa defensa e promoción da lingua galega. Será a Asemblea Xeral a que acorde ou denegue admitila.

CAPÍTULO II. DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 14

Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- Asemblea Xeral, onde están representadas todas as entidades locais socias.
- Xunta Directiva, que é o órgano de goberno da asociación e está formada pola Presidencia, a Vicepresidencia, a Secretaría, a Tesouraría e tres vogalías.

Artigo 15



A Asemblea Xeral é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das corporacións asociadas.

As entidades socias estarán representadas polo responsable político que designen consonte a súa normativa e polo responsable técnico do Servizo de Normalización Lingüística. En calquera caso, a cada entidade socia corresponderalle un único voto.

Artigo 16

Son competencias da Asemblea Xeral:

- 1 Aprobar os estatutos e a súa modificación.
- 2 Aprobar o plan de actuacións da asociación.
- 3 Aprobar os orzamentos e contas xerais.
- 4 Aprobar as normas de funcionamento que desenvolvan estes estatutos, se é o caso.
- 5 Aprobar as cotas ordinarias e as achegas económicas extraordinarias.
- 6 Establecer a estrutura organizativa.
- 7 Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos que establezan os estatutos e a demais normativa que os poida desenvolver.
- 8 Admitir novas entidades socias e membros amigos.
- 9 Acordar a separación dos membros que incumpran as súas obrigas de acordo con estes estatutos.
- 10 Disolver a asociación.

Artigo 17

As sesións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.

A asemblea reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, e será convocada pola presidencia cun mínimo de quince días de antelación á data en que vaia ter lugar.

A asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, e será convocada pola Presidencia ou por pedimento dun terzo das entidades socias. A convocatoria farase coa máxima antelación necesaria e, cando menos, dous días antes.

As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando asistan dous terzos das entidades asociadas con dereito a voto. En segunda convocatoria, que se realizará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan a presidencia e, cando menos, un terzo das entidades socias, coas excepcións reguladas no artigo 19.

Artigo 18

A convocatoria das asembleas, tanto ordinarias como extraordinarias, formularase por escrito e será enviada, prioritariamente por medios electrónicos. Incluirá, en todo caso, o lugar, día e hora en que vai ter lugar a xuntanza e a orde do día da sesión.

Os asuntos da orde do día serán todos aqueles que, dentro dos fins da asociación, propoña a Xunta Directiva ou un terzo dos membros da asociación, sempre que o soliciten expresamente. De cada sesión, redactarase unha acta en que consten os acordos adoptados a respecto de cada un dos asuntos.

Artigo 19

En xeral, os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da presidencia. Requirirase unha maioría cualificada dos membros presentes ou representados, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, para

- 1 Nomear ou destituír a Xunta Directiva.
- 2 Nomear ou destituír a Presidencia.
- 3 Acordar a integración nunha federación de ámbito máis amplo.
- 4 Dispoñer dos bens integrantes do capital inmovilizado, se é o caso.
- 5 Modificar os estatutos.
- 6 Disolver a entidade.

Artigo 20

A Presidencia da asociación será elixida na Asemblea Xeral de entre as entidades locais que desexen exercela, coa maioría que dispón o artigo 19.

A Vicepresidencia, a Secretaría e a Tesourería e as tres vogalías que completan a Xunta Directiva tamén serán elixidas entre as entidades asociadas que se postulen. No caso de que non se formulen propostas abondas para todos os cargos da Xunta Directiva, elixiranse entre as entidades que aínda non fosen membros.

Artigo 21

O mandato da Xunta Directiva será de dous anos.

Calquera dos membros da Xunta Directiva poderá deixar o cargo polas seguintes causas:

- 1 Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea.
- 2 Por perda da condición de membro da asociación.
- 3 Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada para este único efecto, en tanto se realice a seguinte asemblea xeral ordinaria. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.

Artigo 22

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- 1 Aprobar o programa de traballo e os proxectos da asociación.
- 2 Propoñer e executar o orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral e segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- 3 Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- 4 Crear comisións de traballo por áreas ou para desenvolver proxectos concretos das que poderán formar parte as persoas representantes das entidades que se acorde, sexan ou non membros da Xunta Directiva.
- 5 Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, que deberán ser ratificadas posteriormente pola asemblea na súa seguinte sesión.
- 6 Velar polo bo funcionamento da asociación.
- 7 As competencias que a Presidencia ou a Asemblea Xeral deleguen nela.

Artigo 23

A Presidencia da asociación terá as seguintes atribucións:

- 1 Representar a asociación.
- 2 Tutelar o persoal técnico con que poida contar a asociación.
- 3 Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral.
- 4 Ordenar e autorizar pagamentos.
- 5 Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das administracións públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades.

A Vicepresidencia substituirá a Presidencia en caso de ausencia ou naqueles en que esta lle delegue o exercicio das súas competencias.

Artigo 24

Son funcións da Secretaría:

- 1 Asistir a Presidencia nas asembleas e xuntas directivas.
- 2 Redactar e autorizar as actas e certificacións dos acordos que se adopten na asemblea e na Xunta Directiva.
- 3 Dirixir os servizos técnicos da asociación.
- 4 Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.

Artigo 25

Son funcións da Tesourería:

- 1 Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- 2 Cumprir as ordes de pagamento que dite a Presidencia.
- 3 Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación e darlles conta deles á asemblea e á Xunta Directiva.

Artigo 26

A asociación procurará dispor do persoal técnico necesario para desenvolver coa maior eficacia os fins para os que se crea e, nomeadamente, para as tarefas de xerencia, apoio aos órganos de goberno e xestión dos programas de actuación. Poderá contar, así mesmo, co apoio do persoal técnico das entidades locais socias.

CAPÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 27

Os recursos da asociación procederán de:

- 1 As cotas ordinarias de carácter anual.
- 2 As achegas extraordinarias que realicen as entidades socias para o desenvolvemento de programas aos que se adhiran ou polas prestacións que reciban.
- 3 As subvencións ou doazóns que se reciba.
- 4 Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

Artio 28

Establécense as seguintes cotas ordinarias, que terán carácter anual e poderán ser revisadas pola Asemblea Xeral cada dous anos.

Concellos con menos de 5.000 habitantes: 1.000 euros.

Concellos entre 5.001 e 30.000 habitantes: 2.500 euros.

Concellos entre 30.001 e 80.000 habitantes: 5.000 euros.

Concellos de 80.001 habitantes en diante: 10.000 euros.

Deputacións provinciais: 30.000 euros.

O aboamento das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano segundo se regula nos artigos 10 e 12 destes estatutos.

Artigo 29

A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade e cumprirá tamén coas demais obrigas contables que determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.

O exercicio económico coincidirá co ano natural e rematará cada ano o día 31 de decembro agás no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, agás no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

CAPÍTULO V. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 30

A asociación poderá disolverse se así o acorda a Asemblea Xeral, se incorre nalguna das causas que determina o artigo 39 do Código civil ou existe unha resolución xudicial firme neste sentido.

O acordo de disolución deberá ser adoptado nunha sesión extraordinaria da Asemblea Xeral convocada para este fin.

Unha vez adoptado este acordo, constituirase unha comisión da asemblea que se encargará de liquidar a asociación e repartir o patrimonio social entre as entidades socias, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

Constan tamén no expediente os informes de Secretaría e Intervención.

A Comisión Informativa por oito votos a favor (dos membros presentes dos Grupos BNG, PP e PSG-PSOE) e unha abstención (do Grupo mixto membro de Cidadans) acorda ditaminar favorablemente este expediente para adopción de acordo polo Pleno municipal no senso de:

PRIMEIRO. Manifestar a vontade deste Concello de constituír a referida Asociación.

SEGUNDO. Prestar conformidade ao Estatutos que se acompañan para o funcionamento da Asociación.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros e co quorum da maioría absoluta legal do número de membros da Corporación acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

4.-EXPEDIENTE N.º. 805/2018 RELATIVO Á ADHESIÓN AO CONVENIO COA APLU PARA FUNCIÓNS DE INSPECCIÓN, RESTAURACIÓN DA LEGALIDADE E SANCIÓN EN MATERIA URBANÍSTICA.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

DITAME:Dase conta pola Alcaldía-Presidencia do expediente instruído para adhesión ao Convenio coa Axencia de Protección da Legalidade urbanística así como do informe-proposta de Secretaría que se transcribe:

INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA.-

En relación co expediente para delegación na Comunidade Autónoma de Galicia do exercicio da competencia municipal respecto dos procedementos de reposición da legalidade e infracción urbanística en cumprimento da Providencia de Alcaldía emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Con data 2 de marzo de 2018 considerouse pola Alcaldía conveniente e axeitado, para unha maior eficacia na xestión, delegar na Comunidade Autónoma para a súa realización a través da Axencia Galega de Protección da Legalidade Urbanística o exercicio da competencia municipal correspondente aos procedementos para reposición da legalidade e por infraccións urbanísticas nas clases de solo que se citan.

SEGUNDO. Emitiuse informe por Secretaría sobre o procedemento e lexislación aplicables para levar a cabo esta delegación a través do mecanismo legal coa Comunidade Autónoma, Convenio tipo.

TERCEIRO. Con data de 05/03/2018 emitiuse informe de Intervención sobre a existencia de recursos suficientes para autorizar o gasto que supón a transferencia de fondos necesarios. Neste caso e do xeito que se pretende artellar a delegación de competencias o custo para o Concello sería segundo se sinala en comunicacións da axencia referida de 50,00 € por cada núcleo rural delimitado.

CUARTO. Apórtase ao expediente a Memoria da Alcaldía xustificativa da conveniencia de adherirse ao Convenio.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

- * O artigo 47.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- * Os artigos 66 e 67 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.
- * O artigo 9, 48 e concordantes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, **procedendo a súa aprobación polo Pleno por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación**, de conformidade cos artigos 22.2.p) e 47.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Delegar na Comunidade Autónoma de Galicia – Xunta de Galicia- a competencia municipal para a realización dos procedementos de restablecemento da legalidade urbanística e/ou infraccións urbanísticas cometidas nas clases de solo que se sinalan: Solo rústico, solo urbanizable ou apto para urbanizar mentres non estea aprobado o correspondente planeamento de desenvolvemento e núcleos rurais delimitados no planeamento urbanístico municipal, a través do mecanismo de adhesión ao Convenio coa APLU.

SEGUNDO. Trasladar certificación do acordo que se adopte á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos consiguientes así como para a sinatura do Convenio.

TERCEIRO. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a adopción de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.

A Comisión Informativa por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente a proposta para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.””

Promóvese deliberación sobre o asunto informando o Sr.Alcalde dos pormenores do convenio

A Corporación, por quince votos a favor (dos membros dos Grupos BNG,PP e C’s) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Socialista) co quorum da maioría absoluta legal do número de membros da Corporación, acorda, en votación ordinaria, prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

5.-EXPEDIENTE Nº 3004/2018 RELATIVO A MOCIÓN DA ASOCIACIÓN QUERENDO SOBRE A ATENCIÓN A MULLERES CON ENDOMETRIOSE E DIVULGACIÓN DA DOENZA NO CONCELLO.

Dase conta da Moción que se transcribe:

Moción sobre a atención a mulleres con endometriose e divulgación da doenza no Concello

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A endometriose é unha doenza inflamatoria, progresiva, estróxeno-dependente, de orixe descoñecida. Consiste na implantación e crecemento benigno de tecido endometrial (glándulas e estroma) fóra do útero, na gran maioría dos casos no peritoneo pélvico e os ovarios, pero que pode afectar calquera parte do corpo da muller. A extensión da doenza varía dende poucas e pequenas lesións ata grandes endometriomas ováricos e/ou grandes e extensos nódulos ou fibroses e adherencias que causan unha severa distorsión da anatomía da muller.

O tecido endometrial pode extenderse por ovarios, peritoneo, ligamentos uterosacos e fondo de saco de Douglas, sendo menos frecuente fóra da pelve, aínda que pode afectar a calquera órgano (pulmóns, meninxes, etc.). Na pelve pode invadir órganos diferentes dos xenitais internos, como o intestino, frecuentemente recto e/ou sigma, a vexiga e os uréteres. Noutras ocasións o tecido endometrial ectópico localízase no propio útero, fóra do seu emprazamento normal, producindo unha variante de endometriose chamada adenomiose que pode ser difusa ou focal.

Adoita clasificarse a endometriose en 4 graos, segundo o nivel de infiltración do tecido, e non se pode correlacionar o estadio co tipo e/ou severidade dos síntomas e o seu pronóstico, nin tampouco co pronóstico de infertilidade.

Segundo os estudos, a endometriose afecta ao 10% das mulleres en idade fértil. De se confirmar este dato, en Galicia habería máis de 60.000 mulleres afectadas por endometriose, das cales o 15% tefien formas severas da doenza, o que suporía arredor de 9.000 mulleres.

A endometriose, ademais de poder resultar incapacitante para a muller, implica en moitos casos un grave problema de infertilidade.

O retraso medio do diagnóstico é de 8 anos, e vén dado por dúas causas fundamentais: O descoñecemento da doenza e dos seus síntomas por parte das mulleres.

2. A pouca atención que, ata o momento, o sistema sanitario prestou aos síntomas da endometriose, asociando falsamente a regra coa dor, e normalizando este síntoma principal da doenza.

Por todo isto a asociación querENDO. Mulleres con endometriose eleva ao Pleno para o seu debate e aprobación os seguintes ACORDOS:

O Concello instará por escrito nos próximos 30 días ao Sergas e á EOXI correspondente para que proceda a

1. 1. Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso concello (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas...).

1.2. Garantir consultas específicas de Endometriose suficientes para o número de afectadas da área nos Hospitais aos que acoden as mulleres do noso Concello e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.

1.3. Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, cirurxáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos,

anestesiólogos, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

1. 0 Concello instará por escrito nos próximos 30 días á Consellería de sanidade a:

2.1. Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

2.2. Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar a súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).

1. 0 Concello instará por escrito nos próximos 30 días ao Ministerio de Sanidade a:

3.1. Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.

3.2. Incluir na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.

1. 0 Concello comprométese a solicitar aos Institutos de Investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

5. 0 Concello comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso concello para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por querENDO. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía.”

Por parte da Concelleira D^a Mari Luz Alvarez Lastra faise unha breve exposición do contido do escrito.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda, en votación ordinaria, prestar aprobación a Moción de referencia nos seus propios termos.

6. CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE AGOSTO E O 30 DE SETEMBRO DE 2018 (EXPEDIENTE N.º. 1796/2016). MOCIONS. ROGOS E PREGUNTAS.

DECRETOS.-

A Corporación queda enterada dos Decretos ditados pola Alcaldía-Presidencia no exercicio das súas competencias entre o 1 de agosto e o 30 de setembro de 2018.

ROGOS E PREGUNTAS.-

Por parte da concelleira do Grupo de cidadáns non se formula ningún rogo nin pregunta

DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.-

Por parte da Concelleira dona Aurora González Ginzo quere agradecer o cumprimento do rogo anterior relativo á limitación do paso de vehículos de tráfico pesado na zona vella.

Refírese tamén a mesma concelleira a outro rogo realizado na nunha sesión do pleno anterior sobre sinalización de tráfico no cruce en Vilaframil no lugar de O Coto, xa que se está convertindo nun cruce con moita circulación e se considera necesario.

Formúlase pregunta en relación aos pilotos de iluminación nos pasos de peóns, concretamente diante o Instituto e que xa se falou noutras sesións. Pregunta se xa existe algún resultado ou como está o asunto. O Concelleiro Sr. Castro Reigosa manifesta que sí funciona pero que está o tema da licitación para instalar 8 puntos nos principais lugares.

A última pregunta é para a Concelleira de Igualdade sobre o Consello municipal da muller que aínda non houbo reunión este ano e que incluso se comentou o pasado ano de facer máis dunha reunión.

A Concelleira Sra. Alvarez Lastra resposta que non se fixo porque se estaba pendente da renovación do Plan de igualdade e non se puido pechar aínda e tamén pola incorporación de novas entidades. Resalta que este ano non hai nada novedoso e que se está pendente de convocar.

DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

O concelleiro Sr. Garcia Suárez pregunta sobre a casa en esquina entre Ramon González e San Lázaro, que caeu e como quedou estéticamente o muro de peche coas ventás cortadas, etc.

O Sr. Alcalde explica as actuacións realizadas sobre ese inmovible así como as conversas que tivo co titular do inmovible e sinala que quedou en reparalo en breve antes de rematar este ano.

A concelleira Sra. Tosar García refírese á moda de colocar botellas nos portais e entradas dos inmobles nos soportais da rúa Irmáns Moreno Ulloa que é unha cousa que parece tercermundista. Pola Alcaldía sinálase que coñece o asunto e que se verá de poder solucionar.

O Concelleiro Sr. López Penabad refírese á iluminación no concello con diferentes deficiencias e puntos que se ían mirar pola baixa iluminación solicitando que se realice unha revisión. Por parte do Concelleiro delegado Sr. Castro Reigosa explícase que están pendentes dunha reestruturación, que existen deficiencias no cableado que arrastra problemas de caídas de tensión e que será necesario ademais do cambio de luminarias a reestruturación dos cadros eléctricos.

MOCIÓN.-

1.-MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL PROCEDA AO ARRANXO E ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA DO BARRIO DA PEGA.-

Por parte do voceiro do Grupo Municipal Popular ponse de manifesto a presentación no día de onte dunha Moción relativa ao arranxo da estrada do barrio da Pega. A Mocion dí textualmente:

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE RIBADEO, a través do seu voceiro, Jesús López Penabad, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula para a súa discusión e no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno, a seguinte:

MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL PROCEDA AO ARRANXO E ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA DO BARRIO DA PEGA que se basea nesta:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada que transcorre polo barrio da Pega é que comunica a parroquia de Ove co núcleo urbano de Ribadeo trátase dunha estrada de titularidade municipal. Da servizo a este barrio e tamén ó da Alza, e a Faxarda. nestes barrios temos infraestruturas deportivas, como a Pista de Tenis, o campo Pepe Barrera, centros escolares (Gregorio Sanz).

Do mesmo xeito, tamén comunica co cemiterio. Ademais hai que destacar que no entorno desta estrada transcorre o Camiño de Santiago.

A citada estrada conta un alto nivel de tráfico por diversos motivos:

- Comunica a parroquia de Ove co núcleo urbano de Ribadeo. - Comunica co cemiterio.
- Emprégase para accederá zona escolar
- Dá acceso ao club de tenis e tamén á locais de restauración

Ante a demanda dos veciños, desde o Grupo Municipal do Partido Popular vemos a necesidade de canalizar esta petición que non é outra que a necesidade de que se leve a cabo unha pavimentación do firme da estrada, a construción de beirarrúas, a colocación de farois, papeleiras e bancos.

Por todo isto, o Grupo Popular eleva ao Pleno do Concello de Ribadeo a presente MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL PROCEDA AO ARRANXO E ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA DO BARRIO DA PEGA e propónse a aprobación dos seguintes:

A CORDOS

Solicitamos ao pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos

1.- Que o Goberno municipal de Ribadeo, proceda ao arranxo e acondicionamento da estrada que transcorre polo barrio da Pega, que comunica a parroquia de Ove co núcleo urbano de Ribadeo, incluíndo as seguintes actuacións:

- Pavimentación do firme.
- Construción de beirarrúas.
- Colocación de farois, papeleiras e bancos.”

Promóvese deliberación sobre este asunto explicando o voceiro do Grupo Popular as pretensións para o arranxo na zona e por parte da Alcaldía sinalase que hai parte que é consolidado e parte que non e que hai un mes falou con varios veciños sobre o tema e que probablemente se meta, para arranxar, un dos viarios dos catro ou cinco que necesitan pavimentación na zona; explicando tamén o que sucedeu con outros viarios noutras zonas do municipio que se fixeron nos anos setenta e oitenta.

Intervén tamén o Concelleiro de infraestruturas e medio rural Sr.Castro Reigosa para explicar como se podería levar a cabo.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, á vista do deliberado acorda quedar enterada e deixar o asunto pendente sen resolución expresa.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinteunha horas e vinte minutos estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE